



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

GRUPO PROVINCIAL
G-32014003
bng@depourense.es

Bernardo Varela López, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demás disposicións concordantes presenta a seguinte **Moción relativa ao desabastecemento e posibilidade de peche de farmacias en Ourense e ás actuacións que cómpre demandar para garantir un servizo básico para a veciñanza.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro a veciñanza de Lobeira protagonizaba concentracións diante da farmacia da localidade para denunciar unha situación de desabastecemento e atendimento insuficiente da que xa alertaran no mes de agosto. Estes veciños e veciñas tamén teñen entregado no Concello de Lobeira, no Colexio Oficial de Farmacéuticos e na delegación ourensá da Consellería de sanidade máis de 300 sinaturas e escritos de protestas contra unha situación límíne. Dende hai moito tempo denuncian a falta de fármacos e produtos básicos e tamén a deficiente atención ao público canto a horarios de apertura e días seguidos nos que non abre, de forma que a veciñanza desta localidade recorrentemente debe desprazarse ata outras localidades veciñas en coche privado ou taxi, xa que sufren tamén a falta dunha rede de transporte público e estamos a falar dunha poboación envellecida.

A situación de Lobeira fixo saltar novamente as alertas sobre varios problemas que, desafortunadamente, non afectan en exclusiva esta localidade e que deben levar ás administracións á reflexión e á toma de medidas.

Dunha banda, cómpre lembrar a preocupación respecto da falta de abastecemento de medicamentos que en varias ocasións puidemos coñecer no que vai de 2019. Por exemplo, no mes de maio diferentes colexios farmacéuticos galegos indicaban como o desabastecemento de medicamentos de todo tipo (sistema cardiovascular, ansiolíticos, anticonceptivos, antihipertensivos, diuréticos, etc.) viña sendo problemático desde había tempo e urxía mudar a política de prezos. Este é un problema xeral pero que, obviamente, afecta con meirande intensidade aos concellos rurais por ter un menor número de oferta.

Se ben é certo que detrás deste abastecemento hai causas complexas e variadas, que van desde o sistema de prezos, a falta de laboratorios próximos e os problemas de importación, a especulación, aumentos puntuais da demanda, etc. non é menos certo que os mecanismos postos en marcha por parte do Estado e da Xunta de Galiza non se teñen amosado como suficientes e cómpre esixir unha meirande atención.

Doutra banda, na provincia de Ourense existe un risco claro de desaparición de farmacias como consecuencia do despoboamento e do desprazamento da poboación cara as cabeceiras de comarca e cara a propia cidade de Ourense. Son un elo máis da cadea de desaparición de servizos elementais que cómpre atallar.


Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que o servizo farmacéutico é un servizo básico imprescindíbel para os veciños e veciñas, más ainda nas comarcas ourensás, xa que na estrutura por idades da poboación galega atopamos que somos Ourense quen temos a media máis alta, por riba dos 50 anos. Polo tanto, meirande exposición á necesidade de produtos e servizos farmacéuticos e meirande exposición ás dificultades de desprazamento para suplir a falta de servizo ou de abastecemento.

ACORDOS

- Instar á Consellería de Sanidade a revisar o mapa farmacéutico de Ourense tendo en conta as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística e as crecentes necesidades da veciñanza e a tomar medidas para garantir o abastecemento de medicación reformando a Lei de ordenación farmacéutica de Galiza para blindar unha rede suficiente de farmacias para atender o territorio.
- Instar ao Ministerio de Sanidade a avaliar antes do final de 2019 o funcionamento en Galiza das medidas recollidas no Plan de Garantías de Abastecemento de Medicamentos 2019-2020 e elevar, se é preciso, as contías das sancións.

Ourense 14 de outubro de 2019

Asdo: Bernardo Varela López



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE